

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 30 de ABRIL de 2004**

ORDE DO DÍA da Sesión Plenaria Ordinaria que se celebrará o vindeiro venres, día 30 de abril de 2004, ás DEZAOITO HORAS.

### **ASUNTOS**

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, nº 5/04, correspondente á celebrada o día 26 de marzo de 2004.

2.- Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 3.700 á nº 5.499.

#### **Economía, Facenda e Especial de Contas**

3.- Ampliación da delegación de competencias en materia tributaria polo Concello de Oroso, 5º grupo.

#### **Cooperación e Asistencia a concellos**

4.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Saneamento e depuración en Coirós”, do Concello de Coirós incluída no Programa Operativo Local 2003. Código 03.2300.0096.0.

#### **Plans Especiais, Contratación e Equipamento**

5.- Aprobación da 4ª fase da anualidade 2003 da primeira programación plurianual das obras que vai contratar a deputación, incluídas no IV Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais.

6.- Aprobación da modificación do proxecto da obra “Urbanización do acceso ao campo de fútbol PL” do Concello de Cariño incluída no Plan 2000 de infraestruturas anualidades 1998, 1999 e 2000. Código 98.3400.0742.0 e delegación da contratación e execución da obra no concello.

#### **Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais**

7.- Aprobación do proxecto das obras complementarias da reparación da Ponte de Catoira (Rianxo e Catoira).

8.- Aprobación do proxecto reformado da Ponte de Catoira (Rianxo e Catoira).

9.- Aprobación das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos que se van incluír nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2004/2007.

10.- Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2004-3ª fase.

11.- Aprobación inicial do Plan de travesías 2004-1ª fase.

### **Promoción Económica, Emprego e Turismo**

12.- Adecuación e clausura do vertedoiro de R.S.U. de Pontedeume.

### **Deporte, Xuventude e Medio Ambiente**

13.- Convenio de axudas aos concellos para o mantemento dun grupo municipal de intervención rápida.

### **Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística**

14.- Proposta de sinatura do convenio coa Coordinadora da Marcha das Mulleres para a celebración dun encontro europeo.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

MOCIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS



DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DON JOSÉ ANTONIO SANTISO MIRAMONTES	PP
DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Escúsanse os Sres. Campo Fernández e Lamas Sánchez.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o viceinterventor, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás dezaioito horas, o Sr.secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr.presidente

Hai unha declaración institucional que asinan todos os grupos, ten a palabra o secretario xeral.

Sr.secretario

**DECLARACIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA SOBRE A AMPLIACIÓN DA UNIÓN EUROPEA**

O Pleno da Deputación da Coruña quere dar a súa máis calorosa benvinda aos cidadáns dos Estados de Estonia, Letonia, Lituania, Polonia, República Checa, República Eslovaca, Hungría, Eslovenia, Malta e Chipre, que a partir do 1 de maio son novos membros de pleno dereito da Unión Europea.

Expresar a súa satisfacción polo proceso de consolidación da nova Europa e dos ideais europeístas de paz, democracia, respecto aos dereitos humanos e ao imperio da lei, solidariedade e progreso económico e social. Desexando, en definitiva, que o proceso de construción europea poida ser no futuro un referente para todos os países da terra.

Tamén quere este Pleno expresarllas ás autoridades comunitarias, Parlamento Europeo, Comisión Europea e Consello principalmente, a súa preocupación pola consecución da

cohesión económica e social de todo o territorio europeo, pois non poderá conseguirse un desenvolvemento harmonioso da Unión sen unha progresiva redución das disparidades socioeconómicas existentes entre as distintas rexións europeas. É por iso polo que se alenta ás autoridades comunitarias a que continúen garantindo o proceso de converxencia real de todo o territorio europeo, de importancia vital para a nosa rexión Galicia, adoptando solucións equilibradas no novo escenario no que unha Europa máis ampla se encontra a partir do 1 de maio.

Esta declaración institucional, no caso de ser considerada polo Pleno será remitida aos presidentes do Parlamento Europeo, Pat Cox, da Comisión Europea, Romano Prodi, e do Consello Europeo, Bertie Ahern.

Por unanimidade apróbase a declaración institucional.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 5/04, CORRESPONDENTE Á CELEBRADA O DÍA 26 DE MARZO DE 2004.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 5/04, correspondente á celebrada o día 26 de marzo de 2004.

**2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 3.700 Á Nº 5.499, DE 2004.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola presidencia, da nº 3.700 á nº 5.499, de 2004.

**3.- AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DE OROSO, 5º GRUPO.**

**INTERVENCIONS**

Sr. Torres Colomer

En primeiro lugar desculpar a presenza neste Pleno dos deputados Sr. Campo e Sr. Lamas, que por enfermidade e por problemas persoais non poden estar hoxe aquí.

E para abreviar o debate neste Pleno, dicir que este grupo provincial popular vai dar, en principio a todos os puntos, vai dar o seu visto e praxe e no punto número 13, en principio aínda que estamos de acordo no apoio aos grupos de intervención rápida, queríamos se nos podía dar unha explicación ou información, porque cada un destes grupos, dos 46.750 euros que tiñan o ano pasado, pasan a 45.000, ou sexa unha baixa de 1.750 euros por grupo de intervención; en principio estamos de acordo, pero queríamos esa explicación e repito, nos demais puntos estamos tamén a favor dende o 1 ao 14 en todos eles.

### ACORDO

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Oroso en relación coa seguinte materia:

•Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **4.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “SANEAMENTO E DEPURACIÓN EN COIRÓS”, DO CONCELLO DE COIRÓS INCLUÍDA NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2003. CÓDIGO 03.2300.0096.0.**

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

“Visto o proxecto reformado con incremento de orzamento da obra **"Saneamento e depuración en Coirós"** do concello de Coirós incluída no Programa operativo local 2003,(Código: 03.2300.0096.0).

1º.- Aprobar por un importe total de 734.631,33 € o proxecto reformado da obra “Saneamento e depuración en Coirós” incluída no POL 2003 que foi aprobado polo Pleno da corporación nas sesións celebradas os días 31 de xaneiro de 2003 e 28 de febreiro de 2003.

2º.- Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento debido ao incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado que representa a cantidade de **106.733,82€** a prezo de contrata, sendo de **70.753,85€** a prezo de adxudicación. O incremento finánciao integramente a deputación. (código: 03.2300.0096.1)

Con isto os datos de financiamento total da obra quedan como segue:

<b>Saneamento e depuración en Coirós (Código : 03.2300.0096.0)</b>			
	<u>Orzamento Proxecto Inicial</u>	<u>Orzamento proxecto reformado</u>	<u>Diferenza</u>
Deputación f.p.	134.056,11	240.789,93	106.733,82
Deputación outros	31.394,88	31.394,88	0
MAP	76.352,34	76.352,34	0
FEDER	386.094,18	386.094,18	0
<b>TOTAL</b>	<b>627.897,51</b>	<b>734.631,33</b>	<b>106.733,82</b>

3º.- O incremento do orzamento do proxecto financiarase con cargo ao saldo dispoñíbel na partida 0501/519B/60145 do vixente orzamento provincial

4º.- Dispor a súa publicación no B.O.P. para os efectos de que durante 10 días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas.

5º.- Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no artº 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril, de organización e funcionamento da administración xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorábelmente no prazo de 10 días dende a recepción da solicitude.

6º.- Remitirle o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais considerándoo emitido favorábelmente unha vez transcorridos 10 días dende a súa recepción.

7º.- Remitirle o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei de administración local de Galicia, debendo entenderse emitido informe favorábel no prazo de 10 días dende a recepción da solicitude.”

**5.- APROBACIÓN DA 4ª FASE DA ANUALIDADE 2003 DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE VAI CONTRATAR A DEPUTACIÓN, INCLUÍDAS NO IV CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN**



## **PROVINCIAL DA CORUÑA 2002-2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.**

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

“Visto o proxecto técnico e demais documentación da obra que figura no anexo a este acordo, das previstas na Primeira programación plurianual das obras que ha contratar a deputación incluídas no Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais, que foi aprobada polo Pleno desta deputación en sesión celebrada o 29.11.02 e publicada no BOP nº 277, con data do 3.12.2002.

1º) Aprobar a 4ª fase da anualidade 2003 da primeira programación plurianual das obras que ha contratar a deputación incluídas no Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais, na que se inclúe a obra e demais gastos que conleva a súa execución que figuran no anexo a este acordo.

O resumo do financiamento desta 4ª fase da anualidade 2003 é o seguinte:

	<b>2.003</b>	<b>2.004</b>	<b>TOTAL</b>
<b>DEPUTACIÓN</b>	284.797,69	90.151,82	374.949,51
<b>CONCELLO</b>	39.578,85	39.578,84	79.157,69
<b>TOTAL</b>	<b>324.376,54</b>	<b>129.730,66</b>	<b>454.107,20</b>

2º) Aprobar, así mesmo, o correspondente proxecto técnico da obra.

3º) Remitirlle este acordo á Xunta e a Comisión Galega de Cooperación Local polo prazo de dez días para o seu coñecemento e informe e someter este acordo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a inserción dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas. No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderase definitivamente aprobada esta fase”.

**ANEXO AO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DA 4ª FASE DA ANUALIDADE 2003 DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS INCLUÍDAS NO CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA 2002-2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS**

<b>Código</b>	<b>Concello/Denominación</b>	<b>Orzamento total</b>	<b>2003</b>	<b>2004</b>	<b>2005</b>	
03-7450.0003.0	<b>ARES</b>	Deputación	360.607,26	270.455,44	90.151,82	0,00
		Achega Concello	79.157,69	39.578,85	39.578,84	0,00
	REFORMA E AMPLIACIÓN POLIDEPORTIVO	<b>Total</b>	<b>439.764,95</b>	<b>310.034,29</b>	<b>129.730,66</b>	<b>0,00</b>
03-7450.0003.3	<b>CONTROL DE CALIDADE</b>	Deputación	4.397,65	4.397,65	0,00	0,00
03-7450.0003.5	<b>DIRECCIÓN DE OBRA</b>	Deputación	9.944,60	9.944,60	0,00	0,00
		<b>Total Concello</b>	<b>454.107,20</b>	<b>324.376,54</b>	<b>129.730,66</b>	<b>0,00</b>
	<b>RESUMO DA 4ª FASE</b>	Deputación	374.949,51	284.797,69	90.151,82	0,00
		Achega Concello	79.157,69	39.578,85	39.578,84	0,00
		<b>TOTAL</b>	<b>454.107,20</b>	<b>324.376,54</b>	<b>129.730,66</b>	<b>0,00</b>

**6.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “URBANIZACIÓN DO ACCESO AO CAMPO DE FÚTBOL, PL.” DO CONCELLO DE CARIÑO INCLUÍDA NO PLAN 2000 DE INFRAESTRUTURAS ANUALIDADES 1998, 1999 E 2000. CÓDIGO 98.3400.0742.0 E DELEGACIÓN DA CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DA OBRA NO CONCELLO.**

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

1º.- Aprobar o proxecto modificado sen variación económica da obra incluída no Plan 2000 de infraestruturas, anualidade 1999 cuxos datos son os seguintes:

Código	Denominación	Orzamento 1998	Orzamento 1999	Orzamento 2000	Orzamento total
98.340.007.420	Urb. acceso campo de fútbol, Pl (Concello de Cariño)	62.072,29	43.450,61	37.243,38	142.766,28

2º.- Delegar no Concello de Cariño a contratación e execución da obra.

3º.- O financiamento desta obra realizarase con cargo á partida 0501/519Z/76287 do Plan 2000 de infraestruturas - obras contratadas polos concellos”.

**7.- APROBACIÓN DO PROXECTO DAS OBRAS COMPLEMENTARIAS DA REPARACIÓN DA PONTE DE CATOIRA (RIANXO E CATOIRA).**

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

1º.- Aprobar o Proxecto de OBRAS COMPLEMENTARIAS DA REPARACIÓN DA PONTE DE CATOIRA, cun orzamento de contrata de 39.479,44.- euros.

2º.- Adjudicar o contrato de OBRAS COMPLEMENTARIAS DA REPARACIÓN DA PONTE DE CATOIRA á empresa NECSO ENTRECANALES CUBIERTAS, S.A. adjudicataria do contrato principal na cantidade de 34.986,68 euros, como resultado de aplicar a baixa do 11,38% do contrato principal e de conformidade co disposto no artigo 141 do Decreto legislativo 2/2000 e a proposta do enxeñeiro xefe do Servizo de Vías e Obras Provinciais.

3º.- Aplicarles ás ditas obras o Prego de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 15 de xullo de 2002, e que foi o que rexiu na contratación inicial.

4º.- Formalizar en documento administrativo co adxudicatario do contrato inicial o citado proxecto debendo depositar unha garantía definitiva por importe de 1.399,47 euros.

Todo isto condicionado á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos no que foi incluída a presente proposta.”

## **8.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA PONTE DE CATOIRA (RIANXO E CATOIRA).**

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar tecnicamente o proxecto reformado da Ponte de Catoira (Rianxo e Catoira) polo seu orzamento de contrata de 2.469.612,15 euros, que representan un incremento respecto ao primitivo de 395.455,07 euros.

2.- Somete o expediente aos trámites establecidos no último apartado da cláusula 2 do citado convenio.

3.- Unha vez cumpridos os trámites citados no apartado anterior e acreditada a entrada en vigor do expediente de modificación de créditos no que se contén o crédito necesario para a achega da Deputación Provincial da Coruña procederase a:

A) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo *NECSO ENTRECANALES CUBIERTAS, S.A. Sociedad unipersonal* (A81638108), as modificacións do contrato que aplicando a baixa de adxudicación supón un novo presuposto de adxudicación de 2.188.570,28 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 350.452,28 euros.

B) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 14.018,09 euros, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando polo tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 87.542,81 euros.

4.- Prorrogar o convenio até a recepción e liquidación das obras.

5.- Facultar ao presidente para executar o presente acordo.”

## **9.- APROBACIÓN DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA A EXECUCIÓN DOS PROXECTOS QUE SE VAN INCLUIR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004/2007.**

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2004-2007, incluíndose na cláusula 2ª o seguinte texto:

*“ Serán criterios obxetivos para a selección dos proxectos de travesías os seguintes:*

- a) Perigosidade da estrada. Existencia de puntos negros*
- b) A necesidade de ampliación ou de variantes*
- c) O estado do firme*
- d) A intensidade media do tráfico*
- e) A necesidade de comunicación entre núcleos de poboación*
- f) A circulación intensa dos vehículos pesados.”.*

2.- Expoñer as bases ao público mediante anuncio que se ha insertar no Boletín Oficial da Provincia para que dentro do prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da súa publicación, poidan presentarse reclamacións, entendéndose definitivamente aprobadas no caso de que non se presenten.

O texto íntegro das bases é o seguinte:

### **BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN INCLUÍR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007**

1.- Obxecto.- As presentes bases teñen por obxecto establecer a colaboración entre a deputación e os concellos para executar os proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2004-2007, coa finalidade de mellorar as infraestruturas da provincia e contribuír a unha mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

2.- Actuación en fases. Aprobación inicial.- A Deputación Provincial da Coruña, tras os informes previos e estudos técnicos formulados polo Servizo de Vías e Obras Provinciais, e de acordo cos correspondentes programas de actuación e tendo en conta que o Plan de travesías se realizará no período 2004-2007, mediante os correspondentes acordos plenarios e tras a existencia previa de crédito adecuado e suficiente, poderá acordar a aprobación de sucesivas fases do plan conforme aos trámites regulados nas presentes bases.

Serán criterios obxectivos para seleccionar os proxectos de travesías os seguintes:

- a) Perigosidade da estrada. Existencia de puntos negros
- b) A necesidade de ampliación ou de variantes
- c) O estado do firme
- d) A intensidade media do tráfico
- e) A necesidade de comunicación entre núcleos de poboación
- f) A circulación intensa de vehículos pesados

Para estes efectos o Pleno da corporación acordará a aprobación inicial da correspondente fase do plan, que incluírá os proxectos que serán remitidos aos concellos nos termos da base 3ª.

3.- Tramitación.- 3.1.- Remisión de proxectos.- A deputación, dentro do prazo de 5 días contados dende a aprobación inicial da correspondente fase do Plan de travesías, remitiralle ao concello unha copia do proxecto de travesías que lle afecte, incluída na respectiva fase.

3.2.- Adopción de acordos polos concellos.- Os concellos no prazo de 40 días naturais contados dende a data de recepción dos proxectos remitidos pola deputación, deberán enviarlle á deputación a seguinte documentación:

A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.

A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes expropiatorios, tanto en fase de prezo xusto determinada pola deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, facultando á deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión recadatoria exercida pola deputación por delegación do concello.

Para estes efectos o proxecto técnico aprobado inicialmente conterà unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter medianamente orientativo por canto o compromiso municipal deberá alcanzar o

importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.

B) Certificación do Pleno da corporación municipal na que consten os seguintes acordos:

a) Aprobación do proxecto e autorización á deputación para executar as obras facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.

b) Conformidade coas presentes bases.

c) Compromiso de aceptación da entrega das obras unha vez recibidas pola deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.

d) Delegación no alcalde-presidente para formalizar o correspondente convenio.

4.- Modificación dos proxectos.- Os concellos, dentro do prazo establecido na cláusula anterior, poderán redactar, en coordinación co Servizo de Vías da deputación, a modificación do proxecto inicialmente aprobado. A modificación referirase unicamente e exclusivamente a variación no número de unidades de obra ou de instalacións ou modificación que supoñan un maior número de metros lineais de actuación.

Estes proxectos deberán comprender toda a documentación a que se refire o art. 124 do Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas e artigo 125 a 133 do seu regulamento.

O proxecto, acompañado dunha memoria xustificativa onde se expliquen as modificacións introducidas deberá presentarse no prazo indicado na base 3ª.

En calquera caso o maior custo de obra que se derive da modificación do proxecto deberá ser asumido polo concello, para estes efectos xunto co proxecto e memoria acompañarase, ademais a documentación referida na base 3ª, o correspondente acordo plenario polo cal o concello se compromete a financiar o maior custo da obra e expropiacións respecto á inicialmente prevista, aboándolle o dito importe á deputación no prazo máximo de 3 meses contados dende a adxudicación da obra, facultando así mesmo á deputación a que perciba este importe mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión recadatoria exercida pola deputación por delegación do concello.

Someterase a supervisión dos servizos técnicos da deputación a modificación do proxecto. Para que o proxecto poida incluírse na aprobación provisional da correspondente fase do plan requirirase o informe favorábel dos ditos servizos técnicos.

5.- Aprobación provisional.- 5.1.- Transcorrido o prazo a que se refire a base 3ª, o Pleno da deputación poderá acordar a aprobación provisional da correspondente fase do Plan de travesías 2004-2007, daqueles proxectos que se axustan ao disposto nas presentes bases e tras a existencia previa de crédito adecuado e suficiente.

5.2.- Quedarán excluídos da correspondente fase do plan aqueles proxectos de travesías que se encontran nalgunha das situacións que a continuación se indican:

A) Nos supostos de que o concello respectivo non presentara a documentación esixida da cláusula 3ª ou a documentación presentada resultara insuficiente ou incompleta.

B) Nos casos en que a documentación esixida na base 3ª fose presentada fóra de prazo.

C) Nos supostos de modificación de proxecto a que se refire a base 4ª, cando este non se axuste aos requisitos establecidos na citada base.

6.- Exposición pública e aprobación definitiva.- Os proxectos que integran a correspondente fase do Plan de travesías unha vez aprobados provisionalmente serán sometidos a información pública por un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran en caso de non presentarse reclamacións.

7.- Contratación das obras e financiamento.- A deputación contratará, dirixirá e inspeccionará as obras e financiaráas nos termos previstos nas presentes bases e acordos plenarios de aprobación das distintas fases do plan.

Ademais dos supostos de cofinanciamento establecidos nas presentes bases, a deputación de mutuo acordo cos concellos, poderá acordar que para o financiamento de determinadas obras ou fases do Plan de travesías, os concellos financiarán nunha porcentaxe a execución das obras, en cuxo caso os concellos deberán adoptar o correspondente acordo plenario polo que se compromete ao co-financiamento das obras, debendo efectuar a súa achega no prazo de 3 meses contados dende a adxudicación das obras, facultando á deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo aos importes que lles puideran corresponder aos distintos plans da deputación até satisfacer a totalidade da débeda.



Calquera incremento do prezo do contrato derivado de modificacións do contrato, reformados, revisión de prezos, liquidacións, etc., será aboado pola deputación e, no seu caso, polo concello, de acordo coas porcentaxes de financiamento dos proxectos iniciais.

No suposto de que a deputación teña que indemnizar a un contratista como consecuencia dunha resolución de contrato motivada por indispoñibilidade de terreos, falla de autorizacións ou permisos ou por calquera outra causa imputábel aos concellos, o concello deberá indemnizarlle á deputación os danos e perdas que se ocasionen.

A deputación, en casos excepcionais e por causas debidamente motivadas, poderá acordar mediante acordo plenario e simultaneamente coa aprobación inicial ou provisional dentro da correspondente fase do Plan de travesías, que o custo derivado da adquisición de terreos mediante expropiación ou por compravenda necesario para executar algunha obra concreta de travesías a aboe na súa totalidade ou nunha porcentaxe determinada a deputación e sempre que exista crédito adecuado e suficiente.

8.- Acta de entrega.- Finalizadas as obras, a deputación, unha vez formalizada a acta de recepción das obras e no prazo de 1 mes entregaralles aos concellos as obras e instalacións da travesía. Para estes efectos formalizarase a correspondente acta de entrega e a partir deste momento producirá efecto a mutación demanial, quedando a travesía de titularidade municipal.

En caso de que o concello non asine a acta de entrega, dentro do prazo indicado no apartado anterior, a deputación efectuaralle un requirimento ao concello advertíndoo de que no suposto de que transcorridos 15 días dende dito requirimento sen que o concello entregase na deputación a acta de entrega asinada, a deputación considerará entregada tacitamente a obra, dándoa de baixa no inmovilizado material, e non asumindo dende dita data ningunha obriga en relación coa travesía.

9.- Conservación e mantemento.- A partir da data de entrega ou transcorridos os prazos a que se refire o último parágrafo da cláusula 9ª, o concello asumirá os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento das obras, servizos e instalacións da travesía, sen prexuízo da responsabilidade do contratista durante o prazo de garantía.

10.- Convenios.- A deputación e os concellos formalizarán os correspondentes convenios en desenvolvemento das presentes bases e que se deriven da aprobación definitiva das distintas fases do plan e conforme ás presentes bases e acordos plenarios respectivos, e dentro do prazo de 1 mes contado dende a aprobación definitiva da fase do plan.

11.- Exposición das presentes bases.- As presentes bases quedan expostas ao público dentro do prazo de 15 días contados dende o día seguinte ao da súa publicación no

BOP para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobadas no caso de que non se presentasen.”

## 10.- APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2004-3ª FASE.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

“1) Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2004, 3ª fase, integrado polos proxectos que a continuación se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 891.652,21.- euros., con cargo á partida 0401/511B/21001:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
04.1100.0006.0	GRUPO 5.- MOECHE, SAN SADURNIÑO, AS SOMOZAS	230.189,74
04.1100.0013.0	GRUPO 12.- ARANGA, CESURAS, COIRÓS, CURTIS	211.712,70
04.1100.0014.0	GRUPO 13.- BOIMORTO, FRADES, MESÍA, ORDES, OROSO, VILASANTAR	205.053,52
04.1100.0015.0	GRUPO 14.- MELIDE, SANTISO, SOBRADO, TOQUES	168.611,08
04.1100.0030.0	GRUPO 35.- E.P. 2904 DE CORISTANCO A SANTA COMBA	76.085,17
total.....		<b>891.652,21</b>

2) Aproba-lo plan complementario integrado polo proxecto que a continuación indicase:

Código	Denominación	Orzamento
04.1100.0001.0	Grupo 1A.- Ortigueira	254.662,95

que será financiada con cargo as baixas que se produza na adxudicación das obras principais.

3) Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio que se ha insertar no Boletín Oficial da Provincia no prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

## 11.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2004-1ª FASE.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

“1) Aprobar inicialmente o Plan de travesías 2004, 1ª fase, integrado polos proxectos que a continuación se relacionan, cun orzamento total de 4.994.695,54.- euros., con cargo á partida 0401/511B/601.03:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
04.1130.0001.0	ENSANCHE E ACONDICIONAMIENTO DA E.P. 0807 DE TATÍN A SAN ISIDRO POR MORUXO, P.K. 0,00 AO P.K. 2,10 (BERGONDO)	643.219,74
04.1130.0002.0	TRAVESÍA DE ARNADOS, RAZO (2ª FASE) CARBALLO	170.451,99
04.1130.0003.0	MELLORA DE SEGURIDADE VIAL NA E.P. 6121 EN FEÁS (DENDE P.K. 2+379 AO P.K. 3+710, 1ª FASE (CARIÑO)	635.922,36
04.1130.0004.0	AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 3503 (P.K. 0+400 AO P.K. 1+200) (FENE)	822.361,80
04.1130.0005.0	ENSANCHE E ACONDICIONAMIENTO DA E.P. 3608 DE FEIRA DO 2 EN SERANTES A DONIÑOS, P.K. 0,00 AO P.K. 1,20 (FERROL)	892.467,58
04.1130.0006.0	ENSANCHE E ACONDICIONAMIENTO DA E.P. 3614 DE GÁNDARA AO KM. 3 DA ESTRADA FERROL-CEDEIRA, P.K. 1,89 AO P.K. 2,61 (NARÓN)	616.596,47
04.1130.0007.0	TRAVESÍA MOURELA-ROXAL, 2ª FASE (NEDA)	299.774,36
04.1130.0008.0	SEPARATA Nº 2 ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA E.P. 5601 RÚA DO CARMEN DE NEGREIRA. (NEGREIRA)	286.469,98
04.1130.0009.0	ACONDICIONAMENTO DE TRAVESÍAS URBANAS EN NOIA (MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE)	164.500,00
04.1130.0010.0	ACONDICIONAMENTO DA E.P. 3802 DE ORDES A PONTECARREIRA, P.K. 0,00 A P.K. 0,71 (ORDES)	217.118,72
04.1130.0011.0	MELLORA DE SEGURIDADE VIAL NA E.P. 8902 SARANDÓN A SOL P.K. 3+700-P.K. 4+000 (VEDRA)	64.273,05
04.1130.0012.0	ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA E.P. 9301 DA ESTR. CORUÑA-FISTERRA Á ESTR. BAIO-PONTECESO. P.K. 0+000 AO P.K. 1+320 (ZAS)	181.539,49
TOTAL.....		<b>4.994.695,54</b>

2) Remitir os citados proxectos a os Concellos correspondentes os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que refírese a Base 3ª das Bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos a incluír nas distintas fases do Plan de Travesías 2004/2007.

Todo elo condicionado a aprobación das Bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos a incluír nas distintas fases do Plan de Travesías 2004/2007. “

## 12.- ADECUACIÓN E CLAUSURA DO VERTEDOIRO DE R.S.U. DE PONTEDEUME

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

“1º.-Aprobar o proxecto reformado Adecuación, selado e clausura do vertedoiro R.S.U. de Pontedeume, por importe de 203.387,29 euros pertencente ao Plan XXI de turismo da natureza, código 01.4300.0145.0.

2º.-A achega da obra será financiada con cargo á partida 0305/751.A/76299 do orzamento da Corporación, substituíndo a obra aprobada anteriormente.

3º.-O financiamento será realizado de acordo ao seguinte esquema:

<b>01.4300.0145.0 Adecuación, selado e clausura do vertedoiro de R.S.U. de Pontedeume</b>				
	Axentes financiadores	Importes	Importe contrata	Importe adxudic.
Deputación	Fondos propios	6.683,94	16.152,60	16.152,60
	Préstamo	9.468,66		
Concello	Concello	187.234,69	187.234,69	155.571,05
	Xunta de Galicia			
Total			203.387,29	171.723,65

4º.-Facultar ao presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo.”

### **13.- CONVENIO DE AXUDAS AOS CONCELLOS PARA O MANTEMENTO DUN GRUPO MUNICIPAL DE INTERVENCIÓN RÁPIDA. INTERVENCIÓNS**

Sr.Quintáns Vila

O motivo explicóuselle esta mañá creo que a un dos voceiros que estivo na comisión, que é que hai dous concellos que avogan porque teñan un grupo de intervención rápida propia e parece ser que non asinaron o convenio. Hai dous concellos que non entraron, é dicir, de toda a relación que había do ano pasado parece que hai dous concellos que non entran neste ano.

Sr.Torres Colomer

Si, pero a miña pregunta ao Sr. responsábel deste tema, o deputado responsábel, era se estes grupos estaban xa designados, ou eran dos grupos de intervención rápida que había, son grupos novos, e se son grupos novos quen son estes concellos.

Sr.Presidente

Se me permite, Sr. Torres, dareille a explicación. Parece que se reserva unha parte do crédito para dous posíbeis novos grupos municipais, que son os de Cambre e os de Sada. Fixéronlle a solicitude á Xunta, a Xunta non se pronunciou e entón reservamos unha parte deste crédito por se a Xunta decide incluír a Cambre e a Sada nos GMIR, esta é a

razón pola cal se diminuíu un pouquiño, para reservar unha parte dese crédito para lles dar a Cambre e Sada se a Xunta así o decide.

Sr. Torres Colomer

Informado perfectamente agora, Sr. Presidente, grazas Sr. deputado, grazas Sr. presidente, polo tanto o noso voto vai ser a favor do número 13 e a favor do número 14.

### **ACORDO**

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

“Conceder unha axuda aos concellos de: Arteixo, Arzúa, Betanzos, Boiro, Boqueixón, Brión, Carballo, Cee, Miño, Noia, Ordes, Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez, Ribeira, Santa Comba e Vimianzo, por importe máximo de 45.000 euros por concello, para sostemento dun Grupo Municipal de Intervención Rápida, unha vez aprobado o orzamento da Deputación para o ano 2004, con cargo á partida 0305/223A/46200, o dito importe deberá estar dedicado para o pagamento de gastos de persoal e material funxíbel para o funcionamento do grupo.

O concello deberá xustificar o gasto mediante certificación dos gastos totais realizados, deducíndose destes as cantidades percibidas pola Consellería de Familia para tal fin e, se é o caso, por calquera outra administración pública ou privada.

O gasto total certificado deberá ser superior ou igual ás cantidades concedidas ao concello para tal fin pola Deputación, Consellería de Familia e por calquera outra administración pública ou privada, no caso de que a cantidade xustificada non acade a suma dos importes percibidos, aboarase a diferenza do percibido e o efectivamente gastado, e no caso de sobrepasar esa cifra a Deputación aboará como máximo a cantidade concedida.”

### **14.- PROPOSTA DE SINATURA DO CONVENIO COA COORDINADORA DA MARCHA DAS MULLERES PARA A CELEBRACIÓN DUN ENCONTRO EUROPEO.**

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da comisión:

“Prestar aprobación ao texto do convenio de colaboración que se propón, para asinar coa Asociación Coordinadora Nacional Galega da Marcha das Mulleres, con sede en Santiago de Compostela, para a subvención na contía de 36.000,00 euros dos obradoiros de exposicións, reflexión, intercambio e debate, que teñen entre outros obxectivos o de facer

achegas cara a elaboración da Constitución Europea, na que se garante a igualdade plena de homes e mulleres, e que se instalarán no Encontro Europeo da Marcha Mundial das Mulleres, que se celebrará os días 22 e 23 de maio de 2004 en Vigo.

Facultar ao presidente da Corporación para todo o necesario relacionado coa formalización do correspondente convenio.”

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA.DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN COORDINADORA NACIONAL GALEGA DA MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES**

Na Coruña, na sede da Excma. Deputación Provincial o de de 2004

### **REUNIDOS**

O Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral, Don José Luis Almu Supervía e

Dona Gloria María Porto Piñón, Presidenta da Asociación **COORDINADORA NACIONAL GALEGA DA MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES.**

### **EXPOÑEN**

1º) É competente a deputación conforme á Lei 5/97, de administración local de Galicia, arts. 109 e 118, e a Lei 4/93, de servizos sociais arts 15 e 22, para a colaboración no financiamento a entidades de iniciativa social, en actividades que incentiven a participación das mulleres na vida política, económica, cultural, educativa e social.

2º) A Asociación Coordinadora Nacional Galega da Marcha Mundial das Mulleres, ten como finalidade entre outras manter a defensa e loita polos intereses das mulleres, e traballar en todos aqueles aspectos que se refiran a estas.

Ambas as dúas entidades, considéranse os termos da súa colaboración, conforme ás seguintes

### **CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA.-**

A deputación fixa como obxectivo deste convenio a colaboración no Encontro Europeo do ano 2004, que baixo o lema “Diferentes si desiguais non”, decidiu celebrar en Vigo os días 22 e 23 de maio de 2004, a Coordinadora para Europa, da Marcha Mundial de Mulleres, concretándose a actuación da deputación, na axuda económica para a instalación de talleres por unidades temáticas, ( Feira Feminista), segundo os orzamentos presentados e que figuran como anexo I.

### **SEGUNDA.-**

A Asociación “Coordinadora Nacional Galega da Marcha Mundial das Mulleres” comprométese á execución do proxecto, en cumprimento do expresado como obxecto de colaboración da deputación segundo o convenio, realizando as actividades previstas.

A asociación fará constar en todo tipo de información que realice en desenvolvemento da actividade, a colaboración da Deputación da Coruña.

Igualmente lle corresponde á asociación, a remisión de canto informe ou documentación se requira en cumprimento do convenio; e facilitar a actuación dos técnicos da deputación no seu seguimento.

### **TERCEIRA.-**

A deputación achegará as seguintes cantidades:

A.- Con cargo á partida, 0701/324A/489.99, do vixente orzamento, até un máximo de 36.000 euros ( trinta e seis mil euros), que supón o 25,26% do orzamento da actividade subvencionada.

### **CUARTA.-**

A. A achega provincial aboarase do modo seguinte:

1º pagamento : Até o 50% ( €) que se fará despois da presentación previa da documentación xustificativa a que se refire o punto B apartados 1,2,3, do presente convenio.

2º pagamento: O 50% restante, ou o total do non percibido, até o límite da achega comprometida, aboarase unha vez xustificada a execución da actividade prevista, e despois da presentación da documentación a que se refire o punto B apartados 1,2,4, e 5.

B. A documentación xustificativa requirirá :

1º) Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas dos gastos efectuados, e se é o caso, nóminas de pagamentos ao persoal, acompañadas dos ingresos feitos por seguros sociais.

2º) No caso de aboamentos de axudas de custo ou indemnizacións ao voluntariado, admitirase a xustificación mediante relación de pagamentos asinada pola presidenta e a secretaria da asociación, así como os recibos asinados polos perceptores.

3º) Sinalar a conta de titularidade da asociación para efectuar os pagamentos.

4º) Para o cobramento do segundo e derradeiro prazo requirirase ademais a presentación dunha breve memoria da actividade realizada, onde conste a participación das asociacións desta provincia, e unha declaración emitida pola presidenta da asociación, de ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización da actividade, para a que foi concedida.

5º) Relación detallada de subvencións ou axudas obtidas con ese mesmo obxecto ou a declaración, no seu caso, de non ter outras axudas públicas ou privadas para o dito obxecto.

Para o suposto de que non se xustifique a totalidade do gasto previsto ( anexo I), minorarase a achega da deputación con mantemento da porcentaxe do financiamento correspondente ( %) da cantidade xustificada. No caso de que os gastos xustificadas fosen superiores, a achega da deputación non superará a cantidade indicada na presente cláusula.

Se, para a realización do obxecto do presente convenio a asociación obtivese subvencións doutras entidades públicas ou privadas que en concorrencia coa concedida superase o total do custo da actividade, minorarase a achega da Deputación Provincial da Coruña.

Os pagamentos requirirán informe favorábel da Sección de Servizos Sociais, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Intervención de Fondos.

#### **QUINTA.-**

O período de vixencia do presente convenio será dende a súa sinatura até o 15 de outubro de 2004 debéndose presentar a documentación xustificativa da achega dentro do dito prazo.

#### **SEXTA.-**



A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e en todo caso a obtención de axudas outorgadas por outros entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

#### **SÉTIMA.-**

Serán causas de resolución do presente convenio, dando lugar no seu caso ao reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades.

#### **OITAVA.-**

O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso-administrativa será competente para o coñecemento das posibles cuestións litixiosas que puidesen xurdir como consecuencia deste.

Faise constar que o presente convenio aprobouno o do de dous mil catro

E en proba de conformidade asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo.O SECRETARIO XERAL

Asdo.- José Luis Almau Supervía



## ANEXO I

### PRESUPOSTOS PREVISTOS

#### Feira Feminista

### GASTOS

#### **Infraestruturas:**

Aluguer de toldos e postos de comida	13.200
Casetas para as organizacións e de artesanía	45.000
Estruturas internas dos postos	6.300
Equipos de son/iluminación/audiovisuais	10.800
Montaxe de escenario e instalacións artísticas complementarias	8.700

#### **Artes gráficas:**

Guía de actividades, sinalizacións, rotulación exterior	12.600
---	--------

#### **Medios humanos**

Persoal de produción	16.200
Desprazamentos dos grupos de teatro, música mimo, monitoras dos obradoiros	7.700
Persoal de seguridade	5.400
Persoal de tradución e interpretación	7.200
Persoal de limpeza	1.620

#### **Outros servizos:**

Seguro de responsabilidade civil	900
Material funxíbel	3.600
Correos e outras empresas de mensaxaría e transporte	3.300

TOTAL DE GASTOS	142.520
-----------------	---------

## **ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN**

Sr.Rodríguez Rodríguez

Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, a moción presentada polo grupo provincial do Partido Popular refírese ao acordo do Consello de Ministros do 24 de xaneiro de 2003 celebrado precisamente na Coruña, onde se aprobou o que coñecemos todos como Proxecto Galicia, que expresa un compromiso de Estado cara á nosa comunidade, compromiso que é a expresión da solidariedade cunha comunidade que se ve afectada por un accidente tan grave e tan lesivo para toda a nosa economía como foi o do Prestige.

Este compromiso de goberno, ademais, foi tamén engadido por unhas actuacións complementarias da Xunta de Galicia, entre as dúas, como todos sabemos, son case 15.000 millóns de euros e que teñen e van ter unha incidencia fundamental no desenvolvemento da nosa comunidade.

Non se trata só de investimentos materiais, moi importantes como comentaremos agora, senón tamén de que estes investimentos e estas actuacións van representar unha capacidade estratéxica diferencial da Comunidade Autónoma en relación á situación actual, e na nosa provincia en particular. Expressa unha mellora de competitividade, unha capacidade moito máis importante de atraer investimentos exteriores e de desenvolver as nosas propias potencialidades. Vainos colocar nunha situación especialmente singular en relación a outras comunidades autónomas, porque imos dispor de todos os instrumentos de todo tipo que nos van permitir realmente converternos nunha comunidade autónoma desenvolvida equiparada a calquera outra.

Todas estas actuacións son, polo tanto, expresión dun compromiso de Estado con todos os galegos, compromiso que, obviamente, transcende a acción dun goberno concreto e que nestes momentos, precisamente por esa importancia que ten para o futuro, si sería fundamental a reiteración do compromiso, reiteración que non é descoñecemento da realidade do acordo do Consello de Ministros, que vincula, en definitiva non só ao goberno que o formula, senón aos gobernos que o seguen, salvo que optase pola súa modificación, cousa que non vemos nestes momentos, senón sobre todo para a expresión de confianza e seguridade de Galicia, en particular da provincia da Coruña, para o futuro.

E quedan moitas cousas por facer. Está o tema das autovías, nas que se inician actuacións, fanse as informacións públicas, fanse estudos ambientais, iníciase a execución, ou está a punto de se iniciar, pero é preciso, en definitiva, completar todo un proceso que vai durar longos anos, os menos posíbeis, pero temos un horizonte de até o 2010 polo menos,

onde veremos actuacións concretas do Plan Galicia, non só as autovías, a autovía a Pontevedra A-52, a de Chantada a Monforte, Santiago-Lugo, Ourense-Lugo, ou a autovía Ferrol-Vilalba, as conexións da autovía do Cantábrico, a conexión coa nacional VI ao porto da Coruña; a conexión, en marcha nestes momentos, do aeroporto de Santiago de Compostela coa nacional 634; o ferrocarril de alta velocidade: Ourense-Santiago, Ourense-Lugo, Ourense-Vigo; o eixe atlántico Ferrol-A Coruña-Vigo, para que poidamos estar en menos de tres horas comunicados coa meseta, con Madrid; o porto exterior da Coruña que para todos é un obxectivo fundamental, e que todos, creo que sen excepción ningunha, estamos absolutamente comprometidos con el; o porto exterior de Ferrol, en definitiva as actuacións relativas a Izar, que xa non estamos a falar de investimentos, senón de actuación que debemos de ter e dende o goberno singularmente, de que en Izar non existan cotas nin restricións á actividade que impidan a construción de buques convencionais; a necesidade de que en Galicia contemos cun centro nacional de I+D especializado en tecnoloxías mariñas, para construción naval e seguridade marítima en Galicia; tamén o programa de tecnoloxías de I+D contra vertidos mariños accidentais; a substitución do antigo servizo polo novo sistema de transmisión de telefonía que é vital para que a zona rural non quede desconectada; o buque para investigación oceanográfica. En fin, son moitas actuacións nas que se contempla e se expresa, tanto en materia de infraestruturas como en materia de investigación e desenvolvemento, como en materia de competitividade no caso de Izar e capacidade de actuación, a necesidade de que todos esteamos na mesma liña e todos, sen distinción de partidos, como un proxecto común de todos os galegos poidamos ir para adiante.

Neste senso formuláramos unha moción que na súa redacción é preciso adaptar e corrixir, porque foi formulada antes da constitución do Goberno, e polo tanto o contido material desta xa non é posíbel mantelo agora por razóns obvias de paso do tempo. Pero si a primeira parte da moción: “Instar á Xunta de Galicia e mostrar ao Goberno do Estado a súa total dispoñibilidade para colaborar activamente na busca da máis áxil, eficaz e completa execución dos compromisos contemplados no Plan Galicia”.

Antes de seguir adiante quero expresar que o grupo socialista nos presentou unha transacción ao contido desta moción, entendo que polo Partido Socialista e o BNG conxuntamente, transacción que a nós nos parece absolutamente positiva e que consideramos que está precisamente na mesma liña que nós defendemos na que neste primeiro parágrafo é exactamente igual ao que formuláramos anteriormente, substituíndo ou eliminando unha palabra porque se falaba na moción do futuro Goberno do Estado, hoxe xa non é futuro, senón que é presente ese Goberno do Estado. E na segunda parte que é a proposta transaccional formulada tanto polo PSOE como polo BNG, que nós consideramos positiva e que di: “Instar ao Goberno de España a que comprometa e priorice a execución do Plan Galicia, anticipando, mellorando e completando en todo o posíbel os contidos, prazos e investimentos”. É o que todos queremos, queremos que se cumpra un compromiso

do Consello de Ministros, precisamente tomado aquí na Coruña, e se é posíbel, como é natural, que se melloren e se axilicen aínda máis do que se formulou inicialmente, os prazos e a execución deste proxecto contemplado na súa total integridade.

Polo tanto, consideramos, pola nosa parte asumíbel a transacción, e polo tanto estaríamos totalmente de acordo co contido destes dous parágrafos.

Sr. presidente

Se me permiten eu quixera pedirles desculpas ás Sras. e Sres. deputados, porque esta moción presentouse na Deputación o día 2 de abril, e tiñámola que ter incluída na orde do día e por erro, por esquecemento, polo que sexa, non se incluíu na orde do día e quero pedir, como responsábel de confeccionar a orde do día, quero pedirles desculpas ás Sras. e Sres. deputados.

Esta moción, ao ser presentada así, loxicamente, tería que ser sometida a votación da urxencia, creo que é honesto pola nosa parte votar favorabelmente a urxencia da moción. Como temos que cumprir os trámites formais eu vou someter a votación a urxencia para que non haxa ningún problema na tramitación e no procedemento.

Por unanimidade apróbase a urxencia e o texto da moción seguinte:

“1.-Instar á Xunta de Galicia a mostrar ao Goberno do Estado a súa total dispoñibilidade para colaborar activamente na busca da máis áxil, eficaz e completa execución dos compromisos contemplados no Plan Galicia.

2.-Instar ao goberno de España a que comprometa e priorice a execución do Plan Galicia, anticipando, mellorando e completando en todo o posíbel os contidos, prazos e investimentos.”

## ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Rodríguez Rodríguez

Creo que todos os que estamos aquí, descoñecendo os termos en que se produciu, porén creo que poderemos coincidir, que é un tema que se formulou no Parlamento Europeo relativo aos barcos de transporte de mercadorías perigosas. Independentemente dos problemas técnicos ou xurídicos que podería formular, creo que nós temos que expresar como rogo a petición de que se estude, sen necesidade de que, ao mellor, tomemos hoxe un

acordo, pero a necesidade de expresar a nosa convicción de que os buques que transporten mercadorías perigosas sexan afastados máis alá do que son os buques ordinarios.

Neste senso, como sabe o Sr. presidente, houbo unha medida que se adoptou no seu momento, que pode ser ou non discutida, pero que para nós expresa algo que creo que está na conciencia de todos, fagamos todo o posíbel para que nunca se volva a producir un Prestige, e un buque que transporte mercadorías perigosas non debe circular polos mesmos circuítos, polas mesmas canles de comunicación polos que están a circular os buques ordinarios.

Como pode ter algunha complexidade, deixámolo, se lle parece, encima da mesa, pero nós, como grupo político desta Deputación, estamos claramente convencidos da necesidade de que temos que extremar todas as medidas á nosa disposición para que nunca se volva a producir algo semellante ao que tivemos que padecer todos. Sen máis que con este concepto de rogo, deixámolo sobre a mesa.

Sen máis asuntos que tratar remátase a sesión, sendo as dezoito horas e trinta minutos, procedéndose á redacción da acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.